

30 anos de corporacións democráticas



Cúmprese tres décadas da toma de posesión da primeira Corporación democrática coa que se abriron as portas do Concello á cidadanía. Ao longo destes trinta anos a administración municipal fixo un percorrido realmente histórico na prestación de servizos aos cidadáns. Partimos dun punto no que o Goberno municipal vivía tutelado esencialmente pola Deputación provincial e o goberno do Estado, sen apenas competencias, e percorremos un camiño cheo de esperanzas e dificultades cara a unha xestión cada vez máis propia e independente.

Nestes trinta anos a transformación dos Concellos foi unha das bases da consolidación da democracia en España e unha escola aberta á participación política. As Corporacións configuraron espazos de aprendizaxe ao tempo que asumían o compromiso de achegar unha administración máis eficaz e próxima ao administrado. Ás veces sen os recursos necesarios, os Gobernos municipais enfrontaron retos de transformación da vida pública que deron como resultado cambios necesarios e urxentes en beneficio dunha maior calidade de vida das cidades.

Para Santiago de Compostela, estes trinta anos de Corporacións democráticas representan a transformación máis espectacular da súa historia desde os tempos do barroco. Entre todos, políticos e cidadáns, conseguimos que a Capital de Galicia sexa hoxe un referente internacional en aspectos tan importantes como a cultura, o turismo, a comunicación, o urbanismo e a conservación do medio ambiente. Nos planos do comercio, a industria e a economía situámonos como a terceira área industrial e comercial de Galicia. No aspecto das infraestruturas aeroportuarias, viarias e ferroviarias nos próximos anos Compostela afianzará a súa situación estratéxica

de punto central de Galicia nas comunicacións entre todas as capitais da comunidade autónoma e o resto da península.

Nestes trinta anos conseguimos que Santiago de Compostela sexa un exemplo de cidade con calidade de vida. Un hábitat en óptimas condicións para vivir e traballar, con espazos de lecer saudables, no que a universalización dos servizos sociais é un camiño de solidariedade e convivencia polo que camiñamos con pasos decididos na actualidade. A nosa é unha das cidades máis seguras do Estado, non obstante de recibir milleiros de visitantes cada ano, de todo tipo de clase e condición.

Tres décadas despois de constituída a primeira Corporación democrática, podemos dicir que a Compostela moderna tamén é, en gran medida, produto do diálogo establecido con outras administracións e organismos. O diálogo e o consenso foron neste tempo liñas de actuación que permitiron importantes inversións; execución de obras e infraestruturas; aprobación de plans de ordenación, como instrumentos de xestión eficaces; creación de organismos de cooperación, como o Consorcio de Santiago; ou a consecución do Estatuto de Capitalidade, entre outros logros.

Nesta publicación, dende o Goberno Municipal, botamos unha ampla mirada sobre o camiño recorrido, que desexamos compartir con todos os composteláns, co agradecemento pola colaboración prestada por todas e todos, e polo esforzo colectivo que representa manter viva unha cidade que cada día escribe unha nova páxina do seu futuro.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

30 anos de corporacións democráticas

Foi na local, no ámbito das administracións públicas, na que os cidadáns percibiron con maior claridade o paso da ditadura franquista á nova realidade democrática, chegada na década dos setenta do pasado século. A vida municipal e as xestións dos municipios cobraron un protagonismo sen precedentes dende a Segunda República. Porén, mentres as súas competencias crecían, non o facían do mesmo xeito os recursos. En Santiago de Compostela acadaba, ademais, una dimensión maior ao ser instituída capital de Galicia sen ser, como no resto das autonomías, agás Mérida, capital de provincia.



Primeira Corporación democrática, 1979

No final do franquismo

O Santiago predemocrático do final do sesenta e principios da década seguinte era un fervedoiro de ideas e ansias de liberdade. Na Universidade e nos barrios da cidade aconteceron actuacións que despois deron paso ao que coñecemos como a Xeración do 68, un movemento de mozas e mozos, que cambiou radicalmente os sistemas políticos e as estruturas dos Estados en todo o mundo, e que en España marcou o principio da fin da ditadura de Franco.

A finais dos anos sesenta, mentres Ferrol, A Coruña e Vigo lideraban o movemento obreiro, Santiago apoiábase na Universidade, agromando un fermento de cambio que aproveitaban as formacións políticas na clandestinidade para organizar actos en colaboración cos estudantes. Había unha notable presenza do Partido Comunista de España, pero tamén dos seus “parentes” maoístas (alcumados os chineses), de sectores progresistas cristiáns, articulados na Agrupación Democrática de Estudantes, de socialistas e dun incipiente nacionalismo representados polo PSG e a UPG. “*Se ben á hora de desprezar estratexia* –afirma Luís Pasín veterano loitador do movemento veciñal e concelleiro desde a primeira corporación ata o 2003– *os estudantes actuaron sempre moi unidos, superando as siglas, que naqueles momento ocupaban un lugar secundario*”.

Personaxes, que máis tarde terían responsabilidades de goberno en todos os ámbitos, eran entón mozos que xermolaban en Compostela como Vicente Álvarez Areces, Emilio Pérez Touriño, Xosé Manuel Beiras, Fausto Dopico, Félix Sarmiento, Pancho Álvarez Fontenla, Tuco Cerviño, Pedro Mariño, Francisco Candela, Carlos Casares e un longo etcétera que posteriormente achegaron as súas ideas, o seu tempo e traballo na consolidación da democracia. A Universidade compostelá estaba na vangarda dos movementos estudantís de España e mesmo con respecto a Francia onde ían viñan achegando teoría e información. Luís Pasín lembra que “*na Universidade Santiago organizouse no ano 64 o primeiro acto en España en recoñecemento a Machado. Facerlle unha homenaxe ao poeta naquel momento era unha temeridade, de feito cando se intentou*



Primeiro pleno democrático

outro, un mes despois en Baeza, houbo paus e detencións e non se puido celebrar". Foi o tempo no que naceu *Voces Ceibes*, seguindo a estela dos cantautores da *Nova Cançó* catalana, e a época de concertos ilegais, como o de Raimon, no ano 66, ao que acudiron máis de 2.000 universitarios a pesar de ser unha actuación non autorizada.

O movemento veciñal

Na loita para conseguir a democracia tamén xogou un papel fundamental o movemento veciñal, conectado con outros movementos cidadáns de Madrid e Barcelona, como os curas obreiros de *El pozo del tío Raimundo*. Mesmo os grupos e clubs deportivos se utilizaron como centros de debate e discusión de problemas veciñais ante a falla de espazos legais. Cando chegou o momento da legalización xa existía unha coordinadora e as asociacións veciñais considerábanse movementos progresistas e de vangarda.

En Santiago o movemento cidadán empezou no barrio de Conxo, onde existía un conflito en relación coa derruba de máis de 300 vivendas. Nas reunións clandestinas participaron como asesores un grupo chamado *Oikos*, integrado polos arquitectos Xerardo Estévez, Pedro de Llano e o urbanista Ánxel Viña. Os veciños conseguiron evitar a derruba e tamén lograron que os plans parciais da Choupana e de Volta de Castro fosen adiante. Naquel momento as autoridades non propoñían alternativas de realoxamento para os afectados, unha das reivindicacións máis importantes do movemento veciñal. Despois do triunfo dos veciños de Conxo, organizáronse os do Castiñeiriño, San Lázaro e Santa Marta. Destas asociacións saíron líderes que xogaron un papel clave na política municipal democrática da cidade.

Primeira Corporación

O 3 de abril de 1979, tras o referendo da cidadanía á Constitución de 1978, celebráronse as primeiras eleccións municipais que abriron o camiño da normalización democrática en España e a vertebración política da sociedade española. O anuncio de convocatoria publicouse en febreiro cun prazo dun mes escaso para presentar as candidaturas. Cumpría acreditar polo menos 700 sinaturas de apoio ante notario. A moitos grupos resultoulles imposible confeccionar as listas, recoller as sinaturas necesarias e presentar a candidatura a tempo. Aínda así, a sopa de siglas foi espectacular.

A primeira campaña desenvolveuse, sen moitos recursos nin experiencia, en quince intensos días de mítins nos que cada partido expuxo os seu programa aos cidadáns dispostos a escoitalos. Dúas semanas que perduran na memoria colectiva de moitos composteláns como un dos períodos máis ilusionantes da historia da cidade. Había un interese enorme porque se producise o cambio, a xente estaba esperanzada e animada. Acudían en masa aos mítins máis diversos, que se celebraban tanto nos barrios como no rural, ansiosos por saber o que se ía facer e por coñecer os candidatos.

A masiva participación electoral na xornada, supuxo o mellor apoio ao cambio político e ao desexo de inaugurar unha nova etapa democrática na historia de España. A constitución dos primeiros concellos foi unha festa da liberdade e da democracia que demostrou a madurez da sociedade española. Co resultado do 3 de abril de 1979 en Santiago reproducíuse o esquema das sete grandes cidades galegas. Os votantes non outorgaron maioría absoluta a ningunha das múltiples siglas que concorrían. Enviaban así unha mensaxe, unha chamada ao consenso que, no caso de Compostela, foi entendido inmediatamente polos encargados de rexer o destino da cidade.

A Unión de Centro Democrático (UCD), con José Antonio Souto Paz á fronte, foi a forza máis

votada e obtivo dez concelleiros; Unidade Galega (UG), cinco; o PSOE e Coalición Democrática (CD) conseguiron tres cada un; e o Partido Comunista de Galicia (PCG) e o Bloque Nacional Popular Galego (BN-PG) acadaron dous cada un. Souto Paz repartiu responsabilidades de xestión entre todos os grupos, agás os nacionalistas que quedaron fóra por vontade propia.

O 20 de abril de 1979 na ala esquerda do Pazo de Raxoi –onde hoxe se atopan as dependencias da Presidencia da Xunta de Galicia– constituíase a primeira Corporación democrática e proclamaba alcalde de Santiago de Compostela a José Antonio Souto Paz.

Daqueles vinte e cinco responsables da política municipal, o primeiro en dimitir foi Manuel Remuñán, quen abandonou o escano no pri-



Visita de Xoán Paulo II, 1983



Corporación de 1995

meiro pleno ao non cumprirle o alcalde a promesa de nomealo presidente da Comisión Permanente de Urbanismo *“para poder velar pola conservación do patrimonio artístico da zona vella de Santiago e controlar a especulación do Ensanche”*, como era o seu propósito.

A cidadanía esperaba moito da democracia e dos novos políticos. Partíase dunha situación de desigualdade e de carencias, e moitos cidadáns agardaban solucións automáticas imposibles. Os medios dos que dispuña o Concello, así como os orzamentos, eran bastante exiguos. Con catrocentos millóns de pesetas anuais tiña que facer fronte aos gastos correntes e aos investimentos. Luís Pasín lémbraunos que a primeira protesta democrática na rúa foi contra a súa persoa, *“como concelleiro de Tráfico propuxen a supresión do aparcadoiro na praza do Obradoiro que daquela estaba chea de coches, e deseguido pediron a miña dimisión”*.

O primeiro alcalde democrático é recordado como un exemplo de coherencia e responsabilidade política polos seus compañeiros de Corporación. Foi quen de presentar a dimisión o 3 de setembro de 1981, despois de que o Goberno central, nas mans da UCD de Calvo Sotelo, non cumprise a promesa de crear en Santiago o Real Padroado, que era esperado

como unha ferramenta fundamental para poder desenvolver os proxectos importantes da cidade. A Souto Paz, sucedeuo Marcial Castro Guerra, tamén da UCD.

Corporacións con gobernos socialistas

As segundas eleccións municipais tiveron lugar en 1983. Por primeira vez o PSdeG-PSOE formou goberno en solitario. Apoiado polos votos da UCD, o socialista Xerardo Estévez Fernández tomou posesión como alcalde e exerceu este cargo ata o 29 de abril de 1986, momento no que foi deposto por unha moción de censura provocada pola retirada do apoio dos centristas. O Goberno en minoría tiña serias dificultades para sacar adiante a meirande parte dos proxectos e asuntos. A pesar disto, durante aquel curto mandato tiveron lugar acontecementos tan importantes como a visita do Papa no 82, a concesión do Premio Europa ou a cesión da ala dereita do Pazo de Raxoi á Xunta de Galicia en 1983, nun xesto necesario para consolidar a presenza do Goberno galego en Compostela.

Neses anos de xestión e de sementar proxectos, mentres crece a súa popularidade e aceptación, Xerardo Estévez sofre un intenso proceso de acoso político por parte da oposición, que culmina coa moción de censura e a constitución dun novo goberno o 5 de maio de 1986. Ernesto Viéitez Cortizo, de Alianza Popular (AP), toma o mando como novo alcalde. A resposta cidadá chegará nas eleccións de 1987 nas que Xerardo Estévez acada a primeira maioría absoluta para a lista presentada polo PSdeG-PSOE, que revalidou catro anos despois, no 1991.

As políticas do PSdeG-PSOE naquel momento obedecen a unha serie de obxectivos claros. No primeiro lugar aprobar un Plan Xeral de Ordenación Municipal, co que fixar os criterios do modelo de cidade que Compostela necesita; deseñar un Plan Especial de Rehabilitación do Casco Histórico; humanizar o Ensanche; sanear os barrios e dotalos das infraestruturas básicas de que carecían; activar o Real Padroado e acadar o Estatuto de Capitalidade. No ano 89 apróbase o PXOM e partir de aí, empezaron a

distribuírse dun xeito ordenado e coherente as infraestruturas sanitarias, deportivas, culturais, novos parques e xardíns, novas comunicacións... Coa xestión do Plan, a cidade comezou a progresar con infraestruturas tan importantes como o Auditorio de Galicia e a sorprendente remodelación do barrio de Vite; o inicio do novo ensanche no barrio das Fontiñas; a ampliación de zonas verdes ata superar amplamente os 10 m² por habitante que fixa a Unión Europea; comezou da execución das chamadas *“infraestruturas invisibles”*, tan complicadas, necesarias e custosas como son a rede de saneamento e abastecemento; procedeuse a apertura de novos viais e o inicio da peonalización e rehabilitación do núcleo histórico.

No segundo mandato de Xerardo Estévezponse en marcha un ambicioso programa denominado *Compostela 93-99*, que marca a transformación máis importante da cidade desde o barroco. Partindo da tradición o Concello dá un paso á modernidade sen precedentes tomando como referencia as datas dos dous Anos Santos inmediatos. Con dous instrumentos de traballo esenciais, o PXOM e o Plan Especial do Casco Histórico; co Real Padroado, presidido polo Rei, en funcionamento; creando un órgano administrativo inédito, o Consorcio da Cidade de Santiago (no que se integran representantes do

Estado, da Autonomía e do Concello); e cunha resposta cidadá de apoio extraordinario, o programa executouse case na súa totalidade antes da data prevista.

Paralelamente á apertura urbana e á implantación de infraestruturas tan importantes como o Centro Galego de Arte Contemporánea; a ampliación do Aeroporto; a apertura do periférico; a edificación do Palacio de Congressos; a implantación dun programa de creación de centros socioculturais en todos os barrios; a total peonalización do núcleo histórico; o inicio da humanización e remodelación do Ensanche; a posta en funcionamento de novas zonas comerciais no Restollal e Área Central; a execución de novos aparcadoiros soterrados en Xoán XXIII, Galeras, San Clemente e tras do Parlamento; a edificación do Mercado de Gando en Amio, do novo Hospital Clínico, do Multiusos e Piscinas de Fontes do Sar e do Estadio deportivo de San Lázaro; a posta en servizo do Monte do Gozo como centro de acollida de peregrinos e auditorio de grandes espectáculos; agroman novos parques e xardíns en Belvís, San Domingos de Bonaval, Almáciga, Parque da Música, Paxonal e adecúase a Alameda; o Plan de Acción Municipal (PAM) realiza un importante labor de planificación para a achega de servizos e modernización dos barrios e do rural, daquela totalmente esquecidos pola administración

lave como director asociado e Paul Daniel como principal director convidado. Detrás da creación da RFG, puxéronse os alicerces para o sostemento desta por medio da creación da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia, a través dun convenio entre a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago. Unha parte importante do profesorado da Escola é ao mesmo tempo membro da orquestra.

Aos primeiros oito anos de maioría absoluta do PSdeG-PSOE seguíronlle catro anos de maioría simple, nos que Xerardo Estévez continuou ao fronte da Alcaldía ata o 17 de xuño de 1998. Tres anos despois de gañar as eleccións facía pública a súa decisión de retirarse da vida política e a súa intención de non presentarse novamente á reelección. A retirada fíxose efectiva o 19 de decembro de 1998 e substituíuno o actual alcalde, Xosé A. Sánchez Bugallo, quen tomou posesión o 23 de decembro dese mesmo ano.

Gobernos de coalición

Nas eleccións de 1999 o PSdeG-PSOE conseguiu nove dos vinte e cinco concelleiros que conforman o pleno municipal e Sánchez Bugallo tomou posesión como alcalde co apoio dos cinco concelleiros do Bloque Nacionalista Galego (BNG), co que se iniciou un novo período de gobernos en coalición que perduran ata

Socorro García Conde, manteñen catro eixes fundamentais. A conclusión e consolidación dos proxectos emprendidos nos anteriores gobernos; a expansión urbana con especial atención á vivenda de protección e a promoción de solo industrial; a universalización dos servizos sociais; e a proxección e execución de novos proxectos e infraestruturas necesarias para enfrontar os retos do novo século. Para levar adiante estas políticas foi necesario redactar un novo Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado só cos votos dos dous grupos que integran o Goberno, que define a cidade das dúas próximas décadas cunha expansión ordenada e racional; completa os proxectos existentes; achega novas dotacións e infraestruturas; e sitúa a Santiago de Compostela no punto central das comunicacións de Galicia. O segundo documento base para as novas políticas municipais é o Plan Estratéxico, xa aprobado, que define as fortalezas e as debilidades da cidade, feito que permite ter unha visión dos posibles camiños que debe seguir a política municipal para acertar nos diagnósticos e execucións.

O Goberno de Xosé A. Sánchez Bugallo puxo especial empeño na aprobación do Estatuto de Capitalidade, unha vella aspiración da cidade que lle permite reivindicar recursos para poder exercer as funcións, demandas e compromisos propios da capital de Galicia e de sede das ins-



Corporación de 2007

municipal do pasado; Santiago de Compostela despega no concerto turístico internacional, pasa a formar parte dos circuitos culturais máis importantes do Estado e a súa nova realidade define a imaxe de Galicia cara ao exterior. A celebración do Ano Santo do 93 constituíu un éxito sen precedentes na historia de Galicia.

Entre os fenómenos culturais salientables deste período está a creación da Real Filharmonía de Galicia. Presentouse ao público baixo a dirección do mestre Helmuth Rilling o 29 de febreiro de 1996. Desde o 1 de xaneiro de 2001 a dirección titular corresponde ao mestre Antoni Ros Marbà, contando con Maximino Zuma-

hoxe. Reeditouse no seguinte mandato, no que os resultados das eleccións municipais de 2003 lle outorgaron once concelleiros ao PSdeG-PSOE, que foi novamente apoiado polos catro concelleiros do BNG e retomaron o goberno de coalición a partir do acordo asinado o 12 de febreiro de 2004. Renovouse no actual mandato, despois dos resultados saídos das eleccións do 27 de maio de 2007 e do acordo de Goberno asinado antes do Pleno de toma de posesión.

As políticas postas en marcha e desenvolvidas polos gobernos de Xosé A. Sánchez Bugallo co apoio do grupo nacionalista, encabezado sucesivamente por Encarna Otero, Néstor Rego e



Dezasete concelleiras anteriores á Corporación de 2007

titucións do Goberno autónomo. O Consello da Capitalidade quedou constituído en febreiro de 2003. Como consecuencia, a Xunta contemplou por primeira vez, nos seus orzamentos para 2004, unha partida suplementaria de 1.500.000 euros, que se foi incrementando anualmente ata os 3.000.000 euros do presente exercicio. Esta achega complementaria anual do Goberno autónomo ás arcas municipais ten como finalidade contribuír a sufragar os gastos extraordinarios que o municipio afronta polas múltiples responsabilidades e servizos derivados da súa condición de capital de Galicia.

A vixencia do Plan Especial do Casco Histórico de 1997 e os acordos acadados no seo do Consorcio da Cidade permitiron durante os nove anos de gobernos de coalición continuar coas políticas de rehabilitación do núcleo histórico, emprendidas nos gobernos anteriores, que xa conta con máis do sesenta por cento das súas vivendas rehabilitadas, ao tempo que a meirande parte dos edificios públicos e relixiosos gozan de intervencións grazas ao Plan.

Neste tempo quedou practicamente concluído o proxecto de humanización do Ensanche, no que a nova función urbana da praza Roxa, cun grande aparcadoiro soterrado, e o parque infantil do Agro de Ramírez marcan un fito no proceso de cambio dunha zona da cidade na que o comercio e a calidade de vida evolucionaron moi positivamente grazas ao esforzo investidor realizado polo Concello. Neste barrio hai que salientar a posta en funcionamento dos aparcadoiros da Rosa e Romero Donallo e a apertura do Centro Socio-cultural da rúa Frei Rosendo Salvado. Co recentemente aprobado Plan de Infraestruturas Municipais, popularmente coñecido como Plan E de Zapatero para os concellos, no vindeiro ano a práctica totalidade do Ensanche cambiará a súa vella fisionomía.

Sen perder a perspectiva histórica consolidouse o modelo de cidade dun xeito global. Nos últimos dez anos Compostela deu un salto enorme nese proceso, considerado un exemplo nos planos nacional e internacional, dentro do cal supuxo un paso fundamental a construción dos novos polígonos residenciais, especialmente os de vivenda protexida. No ano 2000, coa constitución de EMUVISSA con capital integramente municipal, o Goberno dotouse dun órgano co que a cidade experimentou un pulo definitivo. Planificou e edificáronse os ensanches de Conxo, Santa Marta, Choupana e San Lourenzo. Están en execución os de Meixonfrío, Salgueiriños, Fontiñas, Restollal, O Castiñeiriño e A Pontepedriña entre outros. Aproveitouse o proceso construtivo para ir pechando e compactando o tecido urbano, para dotalo en todos os barrios de equipamentos, zonas verdes, infraestruturas de todo tipo, redes de comunicación internas e externas e conseguir unha imaxe xeral saudable e moderna, que é algo perfectamente visible para todos os cidadáns.

Os gobernos presididos por Sánchez Bugallo veñen realizando un grande esforzo en materia de solo industrial e neste período abriron e quedaron consolidados os parque empresariais de Costa Vella, Boisaca e a ampliación do Polígono do Tambre. Coa nova planificación posta en marcha para Costa Vella, A Sionlla, Formarís e San Marcos, Compostela acadará nos próximos anos máis de catro millóns de metros cadrados de usos empresariais situándose como a terceira área industrial e comercial de Galicia.

Nos últimos dez anos, a cidade celebrou con éxito os dous anos santos de 1999 e 2004, así como o importante reto de ser Cidade Europea da Cultura do ano 2000, consolidando deste xeito o obxectivo de ser destino turístico de calidade para todo o mundo. A desestacionalización do turismo é xa unha realidade para Compostela, mesmo en tempos de crise.

A cidade actual, trinta anos despois de constituída a primeira Corporación democrática, é en gran medida produto do diálogo establecido con outras administracións e organismos. Os sucesivos gobernos municipais foron capaces de concibir ideas, logo transformadas en proxectos, que acadaron o respecto e apoio dos gobernos do Estado, da Xunta e da Deputación Provincial reiteradamente. Todas as actuacións, agás a Cidade da Cultura, foron suxestións e demandas do Goberno municipal. Grazas a ese sentido do diálogo e da cooperación con institucións de todo tipo teñen sedes cos correspondentes edificios en Compostela, as Televisión de Galicia e Televisión Española, a SGAE, as fundacións de Caixa Galicia, Torrente Ballester e Eugenio Granell, o novo centro cultural de Caixanova, a residencia para maiores de José Otero, a nova sede de Portos de Galicia, etc. Recentemente se inaugurou a nova Biblioteca Pública Ánxel Casal, está en pleno rendemento o novo Conservatorio Superior de Música, contamos con catro novas Escolas Infantís e tres máis están en execución, ademais dunha ludoteca en Fontiñas, chegamos a cifra de corenta centros socioculturais de barrio en funcionamento, etc. Como consecuencia dunha longa xestión coherente e transparente, dotacionalmente, a Compostela actual está situada á cabeza de Galicia.

Dous claros expoñentes de que Compostela conseguiu ser unha cidade para vivir e convivir con calidade de vida son o seu alto nivel de seguridade e as políticas sociais, en moitos casos pioneiras, desenvolvidas polo Concello e priorizadas na actual etapa dos gobernos de coalición. A estas hai que sumar ás políticas de promoción de emprego, de apoio ás empresas e aos emprendedores.

No horizonte do futuro inmediato, o Goberno municipal mantén o pulo de crecemento e ás infraestruturas tan importantes para a cidade xa inauguradas neste mandato como o vial Sar-A Pontepedriña e o cuarto xiro de Cornes no periférico, agora hai que engadir a inmediata execución da rotonda soterrada de Conxo; o túnel que unirá, baixo a rotonda de Galuresa e o Hórreo, o vial Antón Fraguas coa avenida de Lugo; o plan de travesías que achegará unha nova fisionomía ás entradas da cidade; a nova terminal do Aeroporto de Lavacolla e a Estación Intermodal do AVE, seguramente a obra máis transformadora do ámbito urbano da actual década, entre outros proxectos en marcha ou en execución.

A participación

A consolidación dos concellos foi unha das claves do acelerado avance da democracia en España, converténdose nunha escola de liderado e nun importante viveiro do que se nutriron despois outras administracións públicas. En cidades como a nosa foi necesario facer un grande esforzo de transformación da Administración pública que creceu máis lentamente que as competencias acadadas. No mandato actual de Sánchez Bugallo abordáronse reformas administrativas para mellorar a transparencia na xestión en consonancia coa adaptación á Lei de Grandes Cidades.

Na procura da igualdade, a presenza feminina nos concellos aumentou considerablemente nestes trinta anos. O número de concelleiras elixidas en toda España nas últimas eleccións municipais representan o 30,91% do total de representantes nos concellos. Tamén aumentou o número de alcaldesas, que pasou das 96 de hai trinta anos ás 1.221 en 2007. Isto debeuse en gran medida á aplicación da Lei de Igualdade que obriga a que as candidaturas non teñan menos dun 40% de mulleres ou homes. Na historia democrática de

Compostela, foron 30 as mulleres que formaron parte dos gobernos municipais, unha cifra que se foi incrementando co paso dos anos.

O movemento veciñal mantivo a súa presenza activa e participativa en permanente diálogo coas corporacións democráticas. Coa entrada en vigor do Regulamento de Participación Cidadá e co aproveitamento das novas tecnoloxías para a creación de redes veciñais estase a producir un novo cambio á hora de concibir a estrutura destes colectivos que impulsan a revalorización do local e o próximo, de cara á descentralización institucional. Hoxe, as asociacións veciñais contan cun novo lugar de encontro na Casa do Asociacionismo, situada na antiga estación do tren de Cornes, que ofertará diversos servizos e centros de reunión aos colectivos composteláns nunha sede de 1.200 metros cadrados.

Trinta anos despois da constitución da primeira Corporación democrática pódese afirmar que o progreso da cidade é indiscutible pero tamén hai que salientar que sen a participación e o esforzo de todos, políticos, empresarios, profesionais, universitarios, relixiosos, intelectuais, cidadáns en xeral, os resultados non terían sido os mesmos.

O Consorcio de Santiago, unha institución pioneira



Real Patronato presidido polos Reis

Santiago de Compostela foi designada de feito Capital de Galicia e sede Goberno da Xunta polo pleno do Parlamento galego no ano 1982. Esta decisión outorgoulle á cidade unha responsabilidade e importancia institucional que non sempre foi correspondida economicamente polas institucións superiores ata a aprobación do Estatuto da Capitalidade e a constitución do seu Consello. Doutra banda, a declaración pola UNESCO de Cidade Patrimonio da Humanidade engadiu novos compromisos e responsabilidades tanto ao Goberno municipal como aos propios cidadáns que habitan a cidade, sinalada deste xeito como un monumento vivo, obrigado a unha conservación especial, seria e rigorosa. Semellante declaración internacional é un orgullo pero ao tempo unha gran responsabilidade para todos os composteláns. É un patrimonio que achega riqueza pero que necesita de orzamentos

específicos para a súa conservación e dunha filosofía política e administrativa que a mantéña viva e non a converta nun decorado para visitantes, como aconteceu con outros centros históricos. Con estas premisas naceu o Plan Especial do Casco Histórico e foron formuladas reivindicacións as administracións do Estado, do Goberno autónomo e, nalgúns casos, a proxectos europeos. No ano 1991 o Goberno municipal tivo o acerto de activar o Real Padroado da Cidade e crear o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela como órgano executivo das súas decisións. Esta institución está xa consolidada como un instrumento de especial importancia para o desenvolvemento de grandes proxectos de futuro para a cidade, nos que participan o Goberno central, a Xunta de Galicia e o Concello, baixo a presidencia do alcalde. Conta con orzamentos propios procedentes das tres

administracións e as decisións tómanse por unanimidade dos representantes das mesmas. Este organismo, pioneiro en España dunha fórmula que tentaron poñer en funcionamento outras cidades históricas, acaba de cumprir a maioría de idade o pasado 1 de marzo e nestes dezaioito anos de existencia tivo ao seu cargo, entre outras importantes xestións, a da rehabilitación do núcleo histórico. Desde o exercicio de 2006, froito dun convenio de colaboración, o Concello pasou a ser o encargado de convocar as axudas á rehabilitación, recibe as solicitudes, ocúpase da súa tramitación, autoriza as licenzas e xestiona os programas. O Consorcio actúa como soporte técnico e financeiro achegando recursos profesionais e económicos. Concello e Consorcio unificaron criterios técnicos e estéticos para todas as intervencións a desenvolver na cidade histórica. Froito deste

convenio, logo da recuperación do edificio do antigo concello na praza de Cervantes, instalouse nel a Oficina da Cidade Histórica e de Rehabilitación (OCiHR), e abriuse unha delegación da mesma no Pazo de Vaamonde, na rúa do Vilar, sede do propio Consorcio. En ambas as dúas oficinas os cidadáns da zona vella dispoñen dun servizo de asesoramento gratuito para a rehabilitación das súas propiedades.

Froito destas políticas, o Consorcio puxo en marcha novos proxectos entre os que cómpre salientar o Programa de Edificios Tutelados, iniciativa única no Estado, para rehabilitar edificios deshabitados do casco antigo, que os seus propietarios poñen baixo da tutela da Administración, para alugárllelos aos cidadáns con menos recursos. Transcorridos un mínimo de doce anos os propietarios recuperarán os inmobles restaurados e libres de cargas.

Neste compromiso coa capital, que as Administracións amosan por medio do Consorcio, o seu Consello de Administración aprobou no presente mandato uns orzamentos de máis de oitenta e dous millóns de euros para o desenvolvemento de novos programas entre 2007 e 2010. De especial importancia para o inmediato futuro da cidade vai ser a adquisición de 600.000 m² de zona verde coa expropiación das Brañas do Sar e a compra da Selva Negra no Monte do Pedroso. Outras actuacións corresponden á compra e rehabilitación da Casa do Cabido, a creación do Museo das Peregrinacións e da Cidade no antigo edificio do Banco de España, o acondicionamento do Xardín Botánico ou a compra de 50.000 m² de terreos que rodean o castelo da Rocha, en proceso de escavación.

1979

José A. Souto Paz (UCD)

A Corporación constituíuse o 20 de abril de 1979 e José Antonio Souto Paz, candidato da Unión de Centro Democrático (UCD), foi elixido alcalde co apoio de Alianza Popular. En setembro de 1981, Souto Paz presentou a súa dimisión e foi substituído por **Marcial Castro Guerra**, concelleiro da UCD.

Partido	UCD	UG	PSOE	AP
Concelleiros	10	5	3	3
Partido	PCG	BNG	OUTROS	
Concelleiros	2	2	-	

1983

Xerardo D. Estévez Fernández (PSdeG-PSOE)

O PSdeG-PSOE triplica os resultados de 1979, e así pode formar goberno co apoio do Partido Liberal e do Partido Comunista de Galicia. Xerardo Estévez toma posesión como alcalde, ocupando a alcaldía ata abril de 1986, momento en que foi deposto por unha moción de censura provocada pola ruptura do pacto por parte do Partido Liberal. O novo goberno municipal constituíuse o 5 de maio de 1986 e a alcaldía recaeu, grazas ao apoio do Partido Liberal e a UCD, en **Ernesto Viéitez Cortizo**, voceiro de Alianza Popular (AP) no concello compostelán.

Partido	AP	PSOE	PCG	OUTROS
Concelleiros	11	10	1	3

1987

Xerardo D. Estévez Fernández (PSdeG-PSOE)

Xerardo Estévez retorna á alcaldía arroupado pola primeira maioría absoluta acadada polo PSdeG-PSOE.

Partido	AP	PSOE	CDS	OUTROS
Concelleiros	10	13	2	-

1991

Xerardo D. Estévez Fernández (PSdeG-PSOE)

O PSdeG-PSOE volve a revalidar nas urnas a maioría absoluta con Xerardo Estévez.

Partido	PP	PSOE	BNG	OUTROS
Concelleiros	11	13	1	-

1995

Xerardo D. Estévez Fernández (PSdeG-PSOE)

O PSdeG-PSOE non acada a maioría absoluta. Xerardo Estévez continúa como alcalde ao encabezar a lista máis votada e goberna en solitario. En xuño de 1998 anuncia a súa decisión de retirarse da vida política. A súa retirada fíxose efectiva o 19 de decembro de 1998, sendo substituído polo socialista Xosé A. Sánchez Bugallo.

Partido	PP	PSOE	BNG	OUTROS
Concelleiros	11	12	2	-

1999

Xosé A. Sánchez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Sánchez Bugallo toma posesión como alcalde co apoio do BNG, que se integrou no goberno municipal con 5 concelleiros.

Partido	PP	PSOE	BNG	OUTROS
Concelleiros	11	9	5	-

2003

Xosé A. Sánchez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Reeditase o pacto de goberno entre PSdeG-PSOE e BNG, confirmando novamente a Xosé A. Sánchez Bugallo na alcaldía.

Partido	PP	PSOE	BNG	OUTROS
Concelleiros	10	11	4	-

2007

Xosé A. Sánchez Bugallo (PSdeG-PSOE)

Reelíxese a Xosé A. Sánchez Bugallo como alcalde. Seguindo un acordo de goberno establecido o 16 de xuño de 2007, o PSdeG-PSOE goberna de novo en coalición co BNG.

Partido	PP	PSOE	BNG	OUTROS
Concelleiros	11	10	4	-

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS ACADADOS

1941 Declarada Conxunto Histórico de Interese Nacional.

1985 Declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

1985 Premio Europa 1985. Distinción do Consello de Europa.

1987 Declaración do Camiño de Santiago como Primeiro Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa.

1987 Bandeira de Honra do Consello de Europa.

1992 Premio Firenze pola Comune de Florencia.

1993 Premio Real Fundación de Toledo.

1993 O Camiño de Santiago foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

1994 Premio Europa Nostra á rehabilitación da antiga fábrica de curtidos de Carme de Abaixo.

1996 Premio Gubbio ao programa Ponte de Rehabilitación de Vivendas da Cidade Histórica de Santiago de Compostela.

1996 Premio Europa Nostra pola política de rehabilitación do patrimonio.

1997 Medalla da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa.

1998 Premio Europeo de Urbanismo.

2001 Premio Europa Nostra 1999-2001 polas obras de rehabilitación da Catedral.

2001 Premio Torre Guinigi.

2002 Premio Buenas Prácticas Urbanas concedido pola ONU.

2003 Premio Archival.

2003 Medalla do Eixo Atlántico.

2004 Premio Príncipe de Asturias á Concordia ao Camiño de Santiago.

2005 Primeiro Premio Cidade Patrimonio da Humanidade 2005. Concedido polo Ministerio de Cultura.

2006 Premio ISR 2006, que outorga o Instituto para a Sostibilidade de Recursos (ISR).

2006 Premio Bandeira Verde-Cidade Sostible.

2007 Premio Reina Sofía de Accesibilidade Universal 2006.

2007 Premio ao Mellor Destino Turístico Internacional 2007. Outorgado en Brasil.

2007 Premio ARQAno ao fomento da Arquitectura. Outorgado polos Colexios Oficiais de Arquitectos do noroeste de España.

2008 Premio Europeo de Arquitectura Philippe Rothier, polo deseño do barrio de Fontiñas e a súa integración na cidade.

